

Edita: Club Montañeiros Celtas.
 Dirección: Xulio Troitiño Dapena
 Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto
 Traducción: Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle
 Colaboran neste número: Javier Ochoa, Luis e Ana, Guillermo de Oca, Cristal Cabezas, Xulio Troitiño, e as secciones deportivas do club.
 Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora Concello de Vigo - Área de Participación Cidadá



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 91

MARZO - ABRIL 2008

Editado 22/02/08

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2008

CONVOCATORIA

A actual Xunta Directiva, ao abeiro dos nosos Estatutos e do disposto nos seus artigos 20 e 21 convoca ASEMBLEA XERAL ORDINARIA, que se celebrará o día 4 de abril de 2008, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria, e ás 20:30 horas, na segunda, no local Social da nosa entidade sito na Avda. Camelias núm. 78, oficina K, de Vigo, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1.- Saúdo do presidente e presentación da actual Xunta Directiva do Club Montañeiros Celtas.
 - 2.- Aprobación, se procede, da Acta da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 16 de marzo do 2007.
 - 3.- Presentación e debate de memorias de actividades do ano 2007.
 - 4.- Presentación e aprobación, se procede, das contas do ano 2007, Balance, Liquidación de Orzamento.
 - 5.- Presentación e aprobación do Orzamento para o ano 2008.
 - 6.- Presentación das liñas xerais de actuación da Xunta Directiva.
 - 7.- Rogos e preguntas
- Esta convocatoria foi aprobada pola Xunta Directiva na súa reunión do día 18 de febreiro do 2008.

Notas:

- As actas da Asemblea do 16/03/07 non se lerá na Asemblea.
- A partir do 25 de marzo estará a disposición dos socios na oficina do Club e/ou no Taboleiro de anuncios a seguinte documentación: Actas da Asemblea antes indicadas, Censo dos socios con dereito a voto nesta Asemblea, Balance do ano 2007.

VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
MARZO	1-2		XXXI Campamento Galego de Espeleoloxía FGE	FGE
	1-2	Quirós	Esquí de travesía	S.D. Esquí
	2	Pontevedra	Cangas - Cela - Cangas	S.D. Sendeirismo
	8	Illas cías	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	8-9		Curso alpinismo-corredores	FGM-EGAM
	8-9	Covas (Ourense)	Saída infantil-xuvenil de espeleo	S.D. Espeleoloxía
	9	Portugal	Sendeiro de Castro Laboreiro	S.D. Sendeirismo
	9	Aloia	Plantación de carballos	S.D. Infantil
	13	Local Social	Campionato social de escalada	S.D. Escalada
	15-16	Ancares-Burbia	Actividade infantil de inverno	S.D. Infantil
	15-23	Marrocos	Campamento Alta Montaña "Atlas Marroquí"	FGM-EGAM
	14-23		Saída de Semana Santa	S.D. Espeleoloxía
	19-23	Navarra	Pirineo Navarro - Semana Santa	S.D. Montaña
28-30	Zamora	Arribes do Douro - C.M.Celtas. C.P.Trevinca	S.D.Montaña	
ABRIL	4	Local Social	Asemblea ordinaria	Xunta directiva
	6	Vigo	Bici de montaña polo sendeiro da traída de auga (iniciación)	S.D. Bici de Montaña
	6	Ourense	Marcha de Primavera - Serra do Aguillón	S.D. Montaña
	6		Campionato social pesca submarina	S.D. Subacuáticas
	6	Pena Corneira	Escalada en bloque (boulder) en Pena Corneira	S.D. Escalada
	12	O Grove	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	12-13	Lugo	Travesía Serra do Caurel	S.D. Montaña
	19-20		XIX Campamento galego Descenso de Canóns-FGE	FGE
	19-20		XLII Campamento e Marcha Galega de Montaña	FGM-C.P Trevinca M.G.
	19-20		Curso de autorrescate	FGM-EGAM
20	Galiñeiro	Iniciación infantil á escalada no Galiñeiro	S.D. Escalada e S.D. Infantil	
27	A Lama-Avión	Bici de montaña pola Serra do Suído	S.D. Bici de Montaña	
27	Portugal	Sendeiro Cidade Calcedonia	S.D. Sendeirismo	

O pago das actividades do club pódese facer por transferencia bancaria ao nº de conta 2080 0000 72 0040260769, enviando posteriormente o xustificante por fax (986 912220) ou por correo electrónico (info@celtas.net) e indicando o nome da actividade.

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres

Neste número:

Asemblea Xeral	1
Axenda	2
Actividades Sociais	2
Novas	2
Bici de Montaña	3
Montañismo	4
Sendeirismo	4
Escalada	5
Actividades Subacuáticas	6
Infantil/Juvenil	6
EspeleoSección	7
Vindeiras Actividades	8

AXENDA

DATA	LUGAR	HORA	TIPO DE EVENTO	PONENTE
29/02/08	Local Social	20:00	Constelacións de inverno e primavera	Pablo J. Martínez
11/04/08	Local Social	20:30	Proxección escalada en Taghia (Marrocos)	Luis Arocas

ACTIVIDADES SOCIAIS

CEA 66 ANIVERSARIO Sábado 9 febreiro 2008

O pasado sábado 9 de febreiro celebrouse no Hotel Coia de Vigo a cea celebración do 66 aniversario do club, na que participaron numerosas persoas, entre socios e invitados, e homenaxeouse a aqueles socios que o levan sendo ininterrompidamente durante 25 e 50 anos.

O ambiente foi cálido e agradable e, despois dunha copiosa comida, deuse paso ao baile que se alongou ata altas horas da madrugada.



SOCIOS QUE CUMPLIRON 50 ANOS NO CLUB NO ANO 2008	
NOME	
GUILLERMO FERREIRO ROSENDO	
LEONISA ÁLVAREZ FERREIRO	
ADRIANO TABOAS ABAL	
Mª CARMEN CABRAL RODRÍGUEZ	
SOCIOS QUE CUMPLIRON 25 ANOS NO CLUB NO ANO 2008	
NOME	
MARIA CRISTINA LÓPEZ CARBALLAL	
ANA MARIA PÉREZ RODRÍGUEZ	
ANA MARIA LLORENS GIL	
CARLOS PRADO GROBAS	
ROBERTO ARGONES VÁZQUEZ	
JOSEFINA AGUILAR LASO	
ENAR MOA AROCAS	
ANTÍA XIXELA PRADO GROBAS	

NOVAS

XORNADAS MONTAÑA INVERNAL

O club está a organizar unhas xornadas de montaña que versaran sobre os seguintes temas:

- Material e equipamento invernal
- Técnicas de progresión en neve

- Técnicas de seguridade
- Técnicas de autodetención

- Acampada invernal

Se estás interesado, ábrese a lista, xa que se hai demanda e a meteoroloxía nolo permite, buscaremos o mellor sitio para iniciarte na neve.

As prazas son limitadas

Compra de material novo.

O club comprou recentemente 8 pares de raquetas de neve para que os socios poidan gozar de bonitos paseos pola montaña, sen enterrarse na neve (se hai neve claro está!).



Vindeiras exposicións das fotos participantes no VI concurso de fotografía organizado por Montañeros Celtas

Centro de Interpretación do Parque Natural do Monte Aloia, do 2 de marzo ao 25 de abril

Concello de Quiroga, Museo etnográfico municipal, do 26 de abril ao 18 de maio

Audivisual e coloquio con Sebastián Álvaro

O vindeiro 31 de marzo ás 20:00 horas, o coñecido montañeiro Sebastián Álvaro dará unha proxección de audiovisuais con coloquio posterior no auditorio do Centro Cultural Caixanova (entrada pola rúa Marques de Valladares). A temática do acto será “200 anos de montañismo e expedicións”.

A presentación da conferencia correrá a cargo do noso presidente Fernando Fernández Rey.



INFANTIL XUVENIL



O vindeiro domingo 2 de marzo a Sección infantil de Montañeros celtas organiza unha xornada dirixida aos mozos e mozas e aos non tan mozos de ecoloxía e medio ambiente. Para iso desprazáremonos ata o monte Aloia onde, en colaboración coa xente do parque, procederemos a plantar unhas landras que por arte de maxia se converteron en carballos e están desexando botar a andar polo monte! Animádevos rapaces!

ESPELEOSECCIÓN

ASEMBLEA ANUAL DO GES MONTAÑEROS CELTAS 12 xaneiro 2008

O pasado 12 de xaneiro tivo lugar a asemblea anual da sección de espeleoloxía do club, onde se fixo un repaso das actividades feitas durante o ano 2007, salientando a organización de dúas actividades do calendario oficial da FGE e a realización da campaña de exploración na Serra do Hornijo (Cantabria) onde localizouse unha sima de -170m, que se explorou e topografiou. Así mesmo expuxéronse as actividades que se pensan levar a cabo durante o ano 2008.

Despois da asemblea organizouse a cea con todos os asistentes e algúns invitados, onde demos boa conta das ricas viandas que se trouxeron.

A Sección

XORNADAS DE TÉCNICA VERTICAL EN MONDOÑEDO 19-20 xaneiro 2008

Un ano máis comezamos o ano colgados como morcegos (pero boca arriba). Chegamos o sábado ao refuxio e case non nos da tempo de xantar, pois había moita gana de subir e

baixar polas cordas, así que nada máis instalar as cordas, xa estaban os rapaces cos arneses e cascacos postos, e a subir e a baixar.... Pasamos o día subindo e baixando, practicando os fraccionamentos, desviadores e pasamáns, todo para coller máis práctica.

O domingo máis do mesmo e algunha outra actividade que encheu o día ata que chegou a hora de marchar para Vigo. Por certo, que tanto de ida como de volta, fixemos unha paradiña na Charca do Alligal, en Vilalba, onde hai unha poza de augas termais, que se ben non estaban ardendo, agradeciábase o baño naquelas augas semitermais.

VINDEIRAS ACTIVIDADES ESPELEOLOXÍA:

Saída infantil-xuvenil de espeleo en Cobas (8 e 9 marzo 2008)

A lista xa está aberta e lémbrete de tramitar a licenza.

Saída de Semana Santa á Serra de Aracena (15 ao 23 marzo 2008)

Onde faremos espeleo nun marco incomparable.

Campamento Galego de Espeleoloxía FGE-Lucus Augusti (19 e 20 abril 2008)

Será en Pedradita do Cebreiro.

mus
aventura

Pontevedra

ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

INMERSIÓN NAS ILLAS CÍES

Domingo 16 decembro 2007

O pasado día 16 de decembro tivo lugar a última inmersión oficial do ano da sección de actividades subacuáticas, tamén sería a última organizada polo antigo vocal, Alberto, ao que hai que agradecerlle o labor que realizou durante todo o ano pasado.

A inmersión que íamos facer tratábase dunha inmersión dobre. Saímos do Náutico de Vigo sobre as dez da mañá con dirección ás illas Cíes, onde despois de que os gardas comprobasen que tódolos papeis estaban en regra puxemos rumbo ao lugar de inmersión. A primeira inmersión tivo lugar nunha zona chamada Cabo Bicos. Trátase dunha zona cun fondo areoso onde hai numerosas rochas e abundante vexetación, o que facilita que haxa vida animal. Foi unha inmersión pouco profunda, xa que estivemos roldando os nove metros durante todo o traxecto. Tras dar unhas voltas polo fondo e tras algúns pequenos problemas entre Sechu e unhas redes de pesca, decidimos volver ao barco. Unha vez alí comemos algo e hidratamos os nosos corpos mentres comentamos as anécdotas vividas e así de paso fixemos algo de tempo para poder iniciar a seguinte inmersión. Esta segunda mergullada tivo lugar nos Baixos da Cantareira. Botámonos á auga os mesmos grupos que na anterior e

comezamos o percorrido. Esta segunda inmersión foi algo mais complicada por mor da corrente que había. Tamén hai que engadir que a visibilidade non era óptima e as características areosas do fondo non axudaban a melloralas. Nesta inmersión puidemos apreciar menos vida que na anterior e foi algo mais curta, pero gozámola igualmente. Ao rematar, subimos todos ao barco e decidimos desembarcar no peirao de Cíes para podermos clausurar as inmersións do 2007 cunha gran comida, na que non faltou de nada. Sen dúbida algunha, foi a mellor maneira de rematar o ano 2007 na sección de subacuáticas.

Guillermo de Oca

Vindeiras actividades:

24-Febrero-08, Inmersión na Ría de Vigo; faremos unha nova inmersión apta pra todos os niveis.

08-Marzo-08. Illas Cíes; tentaremos facer se as condicións do mar deixan unha inmersión pola cara de fóra das Cíes, tamén apta para todos os niveis de mergulladores.

Nota da sección:

As datas das saídas son aproximadas, pois como sabedes, as veces, os domingos os clubs cos que saímos teñen o cupo cuberto para os seus habituais, entón sairíamos os sábados, tamén dependendo das condicións climatolóxicas.

INFANTIL XUVENIL

Saída Achegamento á Neve, Estación de Manzaneda 26-27 de xaneiro 2008

Saímos o sábado case as 9 da mañá de Vigo coa esperanza de atoparnos algo de neve para xogar e gozar dunha paisaxe invernal á que moitos dos nenos e nenas non están acostumados. A viaxe foi amena e tranquila, acompañounos "Spiderman coas súas aventuras". Cando nos aproximabamos á Manzaneda, xa puidemos ver ao lonxe manchas de neve, e a ilusión estableceuse entre o grupo. Nada máis chegar fomos á estación a recoller os tickets do restaurante para as ceas. Logo, enseguida nos diriximos ao refuxio do Club Alpino de Ourense. Foi custoso chegar, xa que non tiñamos acceso para achegarnos no bus. O xefe da estación de Manzaneda moi amablemente cedeunos un 4x4 e un condutor para subirnos a equipaxe e material ata o refuxio.

Instalámonos, xogamos un pouco coa neve e xantamos. Tivemos que compartir as habitacións cunha familia portuguesa, pero houbo moi boa sintonía e camaradería. Tivemos a sorte de que a carón do refuxio tiñamos un camiño que utilizamos de pista de lanzamento para zorras, pas esvaradías, e plásticos. A verdade é que as zorras deron moito de si. Foi divertido, e o máis importante, non houbo feridos. Ata que anoiteceu fixemos xogos en grupo no entorno do refuxio e antes de baixar cear fixemos unha pequena asemblea informativa para contarlles normas do refuxio e o programa que íamos seguir ata o Domingo á tarde. A cea foi abundante e non houbo que insistir, todos/as tiñan fame. De regreso ao refuxio os máis pequenos estaban esgotados e algúns marcharon durmir. Os que quixeron participaron no xogo que tiñamos preparado "As luces de Manzaneda", tiñan que combinar coñecementos de animais da serra, agudeza visual, memoria e traballo en equipo.

Resultou moi ben, e marchamos todos durmir.

O Domingo tivemos que facer o almuerzo e organizarnos para recoller e limpar o refuxio. As 10:30 estábamos subindo ao bus cara a San Xoán de Río para facer o sendeiro "A Fraga" que resultou ser un fermoso bosque de carballos e soutsos centenarios do que gozamos toda a mañá. Un enorme souto serviunos de amplo comedor e lugar de xogos nas árbores ata a hora de volver ao bus.

Volvemos contentos e satisfeitos, nenos, nenas, monitores e monitoras. Todo saíu ben e o tempo acompañounos toda a fin de semana.

Animo a todos e todas a repetir outra aventura montañeira en Marzo!!

Cristal Cabezas

Dende a Sección infantil desexamos unha boa estancia por terras mexicanas a Alberto e a pronta recuperación de Penélope, e poder contar con eles dous pronto e tamén recuperar a outros compañeiros para á Sección Infantil.

A todo o equipo de monitores/as grazas polo voso entusiasmo e colaboración!!



Club Montañeiros Celtas

BICICLETA DE MONTAÑA

BICI DE MONTAÑA POLA SERRA DA GROBA (BAIONA)

20 xaneiro 2008

A nai natureza quixo regalarnos un día espectacular para motivarnos a iniciar as actividades da sección de bici de montaña este ano, esta vez na Serra da Groba en Baiona. Ata alí achegáronse moitos dos que sempre nos acompañan en cada saída e tamén algunhas caras coñecidas do club aos que non vira montados na bici, pero aos que me agradou ver o seu entusiasmo, o cal espero sigan conservando para apuntarse nas seguintes. Ao chegar, algo de parrafeada, para darnos o feliz ano e contarnos os nosos propósitos para 2008, fixo que a saída se atrasase algúns minutos, pero enseguida estábamos a dar pedaladas.

Esta vez ía de guía, e aínda que é unha zona ben coñecida a verdade é que estaba un pouco temeroso de que a ruta planeada non estivese á altura destes monstros do pedal. A ruta prevista comezaba no centro de Baiona e en dirección ao encoro, aínda que como é natural un pouco de improvisación sempre é máis interesante así que quedamos na Virxe da Rocha, como punto doado de encontro e continuamos por esa mesma estrada ata o parque forestal de Chan da Lagoa. Ao chegar atopamos coa pista, que dende a esquerda vén do encoro, a cal continuamos saíndo da estrada pola dereita xusto na fonte de auga. A pista bastante pedregosa, por certo,

pero moito máis divertida que a aburrida suavidade do asfalto, discorre por un arboredo bastante frondoso uns poucos quilómetros ata un desvío á dereita que nos leva ao Monte Facho (428 m), dende onde puidemos contemplar unha fermosa vista das Illas Cíes, o "Talamo" e a costa entre Baiona e A Garda. Aproveitamos para tirar unhas fotos e tomar un pequeno refrixerio.

A ruta continúa por unha pista bastante rápida cara ao interior da serra da Groba e logo cara ao sur en dirección Mougás. Por aquí chaman a atención as extensións de terras deforestadas que lle quitan un pouco de atractivo á zona, sobre todo en inverno onde o típico verde da nosa terra non é tan notorio. Como é habitual por esta zona cruzámonos con algún que outro cabalo que pasea libremente por alí, aparentemente sen dono. Ao chegar á estrada que sobe dende Mougás xiramos á esquerda, cara a arriba, máis aínda, e logo dun par de quilómetros e unha boa cambra na coxa dereita, que por sorte só me fixo baixar da bici uns minutos, comezamos xa a ruta de regreso, que nos agradeceu o esforzo cunha boa pista costa abaixo de varios quilómetros, bastante rápida e que a máis dun fíxolle berrar de alegría.

Máis de 3 horas de pedaleo fíxonos recortar un pouco a ruta, prevista inicialmente para facer 52 km, pero que cun desnivel de case 500 m non estivo nada mal para comezar a tempada, así que ¡ata a seguinte...!

Javier Ochoa



Saída de bicicleta para principiantes (6/04/08)

O vindeiro domingo 6 de abril a sección de bici de montaña do Club Montañeiros Celtas organiza unha saída para animar ás persoas que están empezando a coller a bici de montaña ou que fai tempo que non a collen e non saben que punto de forma teñen.

A saída comezará ás 10:00 da mañá, saíndo de Teis (máis ou menos á altura do cemiterio), para coller o sendeiro da traza de auga, no que gozaremos dunhas fermosas vistas da ría e da Ponte de Rande, para chegar a Cedeira. Dende alí subiremos ata o monte Penide e baixaremos a Trasmañó, para ir regresando ao mesmo punto do que saímos.

En total, en torno a 2 horas de pedaleo cun percorrido apto para todos os públicos (que saiban andar en bicicleta, claro está).

Travesía pola Serra do Suído (27/04/08)

Saída programada para os que están en forma e teñen ganas dun pouco de dureza nas pernas.

A saída desenvolverase na Serra do Suído, no concello da Lama, de onde sairemos a primeira hora da mañá para subir ata os cumios da Serra do Suído, pasando por Xende e chegando incluso ata o concello de Avión, para volver de novo ao punto de partida, despois de pasar pola parroquia da Laxe, en Fornelos de Montes.

A duración aproximada do percorrido vai ser de 4 horas, sendo recomendable que os participantes leven algo de comida para o camiño.

MONTAÑISMO

VAL DE RONCAL (NAVARRA) 19, 20, 21, 22 e 23 Marzo - Semana Santa

SAÍDA: 18 de Marzo ás 23.30 h.

REGRESO: 23 de Marzo ás 09.00 h.

ALOXAMENTO: Albergue-Cámping de ASOLAZE (a 6 km de Isaba)

MÉRCORES 19 de Marzo

SERRA DE USTARROZ E PICO KAKOUE (1518)

Travesía dende o Val de Roncal ata o de Salazar a través da Serra de Ustarroz co ascenso opcional do seu cumio máis alto, o Kakouet.

ITINERARIO: Senda dende o cámping á ermida de Idota (1100), para continuar ascendendo ata o alto de Sasaderra (1410) e Kakouet e seguindo a lombra en dirección poñente ata o merendeiro de Uztarrozteco (1300), vértice de Zamenguda (1100) e o fermoso pobo de Ochogavía (770).

DESNIVEL: +/- 800 m.

DURACIÓN: 5 h.

XOVES 20 de Marzo

PICO ORI (2021) E SERRA DE ABODI

O Pico de Ori é o "2000" mais occidental do Pireneo, bastión do Atlántico. A vía parte dende chan francés. Na Serra de Abodi poderemos ver restos de cultura megalítica. Finalizaremos a travesía polo santuario de Muskilda e o fermoso pobo de Ochagavía, no Val de Salazar.

ITINERARIO: BUS ao porto de Larrau (1573) en Francia.

Ascensión ao Ori pola súa vía normal. Descenso ata o calado de Pikatua (1369). Cumio de Abodi (1537) para volver descender ao santuario de Nuestra Sra De Muskilda (1010) e Ochagavía (770) onde nos recollerá o bus.

DESNIVEL: +700 - 1500 m.

DURACIÓN: 6 h

VENRES 21 de Marzo

PICO ANIE (2507)

Monumental pirámide calcárea que domina o macizo de Larra. Áchase totalmente en territorio francés, na rexión de

Béarn. É un vértice de primeira orde, dende o que se divisan amplísimos horizontes. Caracterízase pola súa paisaxe mineral dominada polos lapiaces, as simas, as dolimas, canles formadas pola calcaria gris; todo isto forma un labirinto de pedra que se asemella a un glaciario petrificado.

ITINERARIO: bus ao outeiro da Pedra San Martín (1760), corda fronteiriza. Pico Arlas (2044) e polo campo de lapiaz, seguindo os fitos ata o outeiro deas Anies (2070) e Pico de Anie (2507). Regreso polo mesmo itinerario.

DESNIVEL: +/- 900 m.

DURACIÓN: 6 h.

SÁBADO 22 de Marzo

TXAMANTXOIA (1945)

Un clásico do montañismo roncalés. Ascenderémolo polo espectacular Canto de Belagua.

ITINERARIO: BUS ao parador de Txmantxoia (950) inicio e fin da actividade. Ascenso polo barranco de Artaparreta ata o Canto de Belagua, continuando ata o outeiro (1545) e pola aresta ata o pico (1945). Descenso polos Pacos de Tamburin.

DESNIVEL: +/- 1000 m.

DURACIÓN: 5 h.

PREZOS

	Noite	9'50€		Tenda	4,20€
	Xantar	5€	Cámping	Persoa	4,20€
	Cea	12€		Bus	Persoa
Albergue (*)	Media pensión	25,50€	(*) Posibilidade de cocinar no albergue		

VINDEIRAS ACTIVIDADES

- Arribes do Douro (28 ao 30 marzo 2008)

Saída conxunta có C. P. Trevinca

- Serra do Aguillón (6/04/2008). A Marcha de Primavera percorrerá unha serra pouco coñecida entre nós

- XLII Campamento e Marcha Rexional Galega (19 e 20 abril 2008)

Apto para sendeiro e montaña. Este ano o C. P. Trevinca será o encargado de argallar esta actividade da F.G.M.

SENDEIRISMO

SENDEIRO DE GAVIEIRA 27 xaneiro 2008

Todo comezou unha mañá do domingo 28 de Xaneiro, ás 8.30. Como sempre madrugón que te criou!!, xuntámonos un pequeno grupo para saírmos nunha nova aventura co club. Coa puntualidade inglesa partimos rumbo a Portugal onde nos estaba a agardar "O Sendeiro de Gavieira".

Despois de dúas horas na montaña rusa (así foi o que se asemellou o bus por aqueles camiños de Portugal e máis de algún quedou un pouco afectado polo movido que foi o traxecto).

10.30h Comezamos o sendeiro (iso si, non antes de tomar o café, e cambiar o auga o canario ou canaria). Noso Sherpa Miguel (guía desta expedición por terras portuguesas) comezou un tanto sen saber por onde ir (aínda que como el dixo: "Non estou perdido é que estou buscando unha ruta alternativa"). Sexa como sexa atopou a senda e veña todos subir montaña arriba.

12.30h Hora do almuerzo. Despois dun par de horas andando,

vadeando regatos e nadando (isto vai por todo aquel que acabou cos pés mollados). Chegou a hora dun "tente en pé" e de descansar un chisco. Alocabo duns minutos volvemos a emprender a marcha.

15.00h Por fin chegou a hora do xantar. Detivémonos e comezamos todos a botar man a todo o comestible que



Club Montañeiros Celtas

SENDEIRISMO

tiñamos nas mochilas e comemos admirando ás maravillosas vistas que tiñamos diante de nos. MMMMMM! que paz reinaba alí!. Despois dun bo xantar, toca unha boa sesta (que se botou algún, xa que outros comezaron a xogar como nenos con trompos e outros xogos) 16.00h Tocou baixar...Cara abaixo!! Emprendemos a derradeira etapa do noso camiño por Gavieira, sabendo que a nosa aventura estaba a punto de rematar.

17.00h Subimos na montaña rusa (o Bus). Xa de volta para Vigo e despois de tomarlle unhas cervexas polo camiño, todos íamos pensando no ben que o pasamos nesta xornada de sendeirismo e que ao día seguinte tiñamos que volver a vida cotiá, pero.... non se levarmos antes o susto que nos meteu o condutor.

19.00h Chegamos a Vigo.

Grazas a todos os que estivestes nesta aventura, esperando que todos vós o pasarades tan ben como nós. E a todo aquel que non puido estar ¿A que esperas? ¡¡¡A facer arrousing!!! (expresión dun amigo noso que quere dicir segundo el "facer camiño polo monte adiante").

Luis e Ana

Sendeiro Dos Petroglifos 20 xaneiro 2008

Guía: Antonio Fernández Iglesias

Saída dende Baiña onde admiramos os seus petroglifos, coñecidos como "Os Campos". Una rocha que é un auténtico museo ao ar libre polos seus cabalos esquemáticos, incluídos, nos seus extremos, dous gravados moi ben logrados pero máis modernos.

Subida polo Camiño Real ata o Cortelliño e Alto da Groba.

ESCALADA

III CAMPIONATO SOCIAL DE ESCALADA Xoves 13 de Marzo

A partir das 20:00 no muro de escalada do local social do Club, celebrarase o III Campionato Social de Escalada para socios de 12 anos en diante coas seguintes categorías:

Categoría Masculina e Feminina:

De 12 a 17 anos

18 anos en diante.

Darase un premio por categoría, outro ao máis novo/nova e outro para o de maior idade. No caso de que no mesmo día non se poidan resolver as eliminatorias por falta de tempo. os tres mellores participantes de cada categoría, participaran outro día na final. A competición inicial consistirá en resolver tres pasos de escalada e os finalistas de cada categoría procederán a resolver 2 pasos, haberá un terceiro de reserva no caso de empate.

ESCALADA EN BLOQUE (BOULDER) EN PENA CORNEIRA Domingo 6 de Abril

A actividade ten como obxectivo potenciar unha práctica deportiva, que consiste en escalar bloques de rocha, de ata 5 metros. A escalada pode realizarse sen materiais de protección convencionais (mosquetón, corda, etc.), unicamente unha colchoneta portátil, pés de gato, e a pericia atenta dos compañeiros de escalada, fai que se resolvan os "problemas" que presenta o penedo .

Baixada, campo a través, cara a Virxe da Rocha.

Sendeiro De Castelo Aboim 3 febreiro 2008

Guía: Miguel Carrillo Estévez

De novo saímos de cara a Portugal, aínda que o pronóstico do tempo era nefasto. En Vigo tiñamos calma chicha. O almuerzo foi na Ponte de Limia e chovía pero cando comezamos a camiñar, diluviaba. Por ratos o vento tiraba con nós. Sen dúbida forza sete ou oito. Na igrexa de Vosqueliños decidimos volver ao inicio. A molladura que tiñamos encima tamén era de forza sete ou oito.

VINDEIRAS ACTIVIDADES

Cangas Cela Cangas (2/03/2008)

Guía: Evaristo Fandiño

Desprazamento en barco. Circular. O mar ao nosos pés.

Sendeiro de Castro Laboreiro (9/03/2008)

Guía: Miguel Carrillo

Autobús. Circular. Pontes e aldeas milenarias.

Sendeiro Cidade Calcedonia (27/04/2008)

Guía: Miguel Carrillo

Autobús. Circular. Montaña rochosa que en todo momento lembra á cidade encantada de Cuenca.

XLII Campamento e Marcha Galega de Montaña (19 e 20 abril 2008)

Apto para sendeiro e montaña. Este ano o C. M. Trevinca será o encargado de organizar esta actividade da F.G.M.

NOTA. Lembrade que como é habitual na nosa sección, temos seguro de café e claritas.

BO SENDEIRO!